

### CONCEPTO DE MONTE OU TERREO FORESTAL

Enténdese por **monte** ou **terreo forestal** todo terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou que procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas, sociais ou recreativas.

Teñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal:

- a) Os terreos ermos, os rochedos e os areais
- b) As construcións e as infraestruturas destinadas a servizo do monte en que se localizan, así como os equipamentos e as infraestruturas de uso sociorrecreativo
- c) Os terreos de antigo uso agrícola e con polo menos dez anos continuados de abandono, sempre que adquirisen sinais inequívocos do seu carácter forestal, cando formen parte de superficies continuas de polo menos 5 hectáreas, agás que se trate de terreos que estean incluídos con ese fin nun banco de terras ou instrumento semellante
- d) Todo terreo que, sen reunir as características descritas anteriormente, se adscriba coa finalidade de ser repoboado ou transformado á actividade forestal, de conformidade coa normativa aplicable
- e) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima de 5 hectáreas, a non ser que se compoñan os ditos enclaves de masas de especies forestais de frondosas do anexo 1 cunha idade media de polo menos 10 anos, diminuíndose, para estes casos, a dita superficie mínima ata 1 hectárea.

NOTA: Os Montes veciñais en man común, excepto modificacións puntuais contempladas na presente lei, continuarán rexéndose pola súa normativa específica, a *Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común* e o *Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común*.

### CAMBIOS DE ACTIVIDADE FORESTAL A AGROGANDEIRA

Para mellora da viabilidade das explotacións agrarias, o **cambio de uso forestal a uso agrogandeiro** requirirá:

- a) **Comunicación** á Consellería do Medio Rural e do Mar para:
  - a.1) Superficies menores a 15 hectáreas de matogueira ou especies do xénero *Acacia*
  - a.2) Superficies menores a 5 hectáreas con especies non incluídas no anexo 1
  - a.3) Superficies menores a 5 hectáreas con especies do anexo 1 e idades medias inferiores a 10 anos.
  - a.4) Superficie mínima de 1 ha no caso de constituír enclavados en superficies arboradas.
- b) **Autorización** á Consellería do Medio Rural e do Mar para:
  - b.1) Superficies maiores a 15 hectáreas de matogueira ou especies do xénero *Acacia*
  - b.2) Superficies maiores de 5 hectáreas, logo da xustificación da actividade agrícola por parte do promotor
  - b.3) En superficies poboadas por especies do anexo 1 e idades medias superiores a 10 anos, logo da xustificación da actividade agrícola por parte do promotor.

Naquelas superficies arboradas lindantes coas superficies nas que se produza un cambio de uso forestal a agrogandeiro non serán aplicables as distancias establecidas no anexo 2 desta lei ata o momento da reforestación da masa arborada tras o aproveitamento.

### CAMBIOS DE ACTIVIDADE AGROGANDEIRA A FORESTAL

Soamente os terreos rústicos de uso agrícola en estado de manifesto abandono, adscritos a un banco de terras agrarias ou instrumento semellante por un período mínimo de 2 anos, se poderán forestar, logo de **comunicación** á Consellería do Medio Rural e do Mar, cumprindo algún dos seguintes supostos:

- a) Que estremen con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias
- b) Que constituán enclaves de ata 5 hectáreas en superficie arborada, utilizando frondosas caducifolias.

As forestacións, cando se realicen en solo rústico de especial protección agropecuaria, requirirán **autorización** da Consellería do Medio Rural e do Mar, logo do informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da devandita consellería.

En terreos afectados por incendios forestais, non se autorizarán cambios de uso forestal a agrogandeiro desde a data en que se produza o incendio forestal ata o 31 de decembro posterior á data en que se cumpran 2 anos deste (soamente se autorizarán de forma excepcional).

#### CONDICIÓN QUE DEBEN CUMPRIR AS REPOBOACIÓNS FORESTAIS

Quedan prohibidas as repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, no solo urbanizable delimitado e no rústico de especial protección agropecuaria, agás os casos expresamente recollidos na lei.

Así mesmo, quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións intercaladas co xénero *Eucalyptus* en superficies con especies do anexo 1, mesmo con posterioridade ao seu aproveitamento ou á súa afectación por un incendio forestal. Esta prohibición non será aplicable nos casos de rexeneración posterior á plantación ou rexeneración, en piso inferior ou sotobosque, de especies do anexo 1.

As novas plantacións con especies do xénero *Eucalyptus* superiores ás 5 hectáreas precisarán de **autorización** da Consellería do Medio Rural e do Mar, excepto en:

- a) Masas preexistentes de *Eucalyptus* nos supostos de reforestación ou rexeneración desa superficie
- b) Montes con instrumento de ordenación ou de xestión forestal aprobado pola Consellería do Medio Rural e do Mar no que se reflicta a devandita plantación.

#### DISTANCIAS DAS REPOBOACIÓNS

As novas repoboacións forestais a partir da entrada en vigor desta lei deberán gardar as **distancias** sinaladas no **anexo 2** desta lei a outros terreos, construcións, instalacións e infraestruturas.

As repoboacións existentes á entrada en vigor desta lei teñen un prazo máximo de 2 anos desde a entrada en vigor dela para adecuarse ás novas distancias.

#### LÍMITES ÁS PARCELACIÓNS, DIVISIÓNS OU SEGREGACIÓNS

Non se poderán realizar nin autorizar, *inter vivos* ou *mortis causa*, parcelacións, **divisións** ou **segregacións** definitivas voluntarias de terreos cualificados como monte ou terreo forestal cando o resultado sexan parcelas de superficie inferior a 15 hectáreas. Non será aplicable no caso de que a división sexa para transferir parte da propiedade a unha parcela estremera.

#### DA ORDENACIÓN DOS MONTES

A **planificación das actuacións forestais** requirirá as seguintes instrumentos de xestión:

- a) **Proxecto de ordenación** para:
  - a.1) Montes veciñais en man común con superficie superior a 25 hectáreas
  - a.2) Agrupacións forestais formalmente constituídas e montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo con superficie superior a 25 hectáreas en couto redondo.
- b) **Documento simple de xestión** ou **adhesión expresa a referentes de boas prácticas e modelos silvícolas orientativos** para
  - b.1) Montes veciñais en man común cunha con inferior a 25 hectáreas
  - b.2) Agrupacións forestais formalmente constituídas e os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo con superficie inferior a 25 hectáreas en couto redondo
  - b.3) Propietarios de montes de particulares con superficie inferior ou igual a 25 hectáreas en couto redondo para unha mesma propiedade.

## PASTOREO

O **dereito de pastoreo** no monte corresponde ao seu propietario, que poderá autorizalo, prohibilo ou regulalo, requirindo o **pastoreo efectivo** do monte a autorización expresa do propietario dos terreos.

O aproveitamento de pastos polo gando en terreos forestais estará expresamente regulado no correspondente **instrumento de ordenación ou de xestión forestal** e a súa práctica realizarase consonte a este ou, na súa falta, de conformidade cos condicionantes do Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo (Consellería do Medio Rural e do Mar).

As zonas de pasto en terreos forestais de aproveitamento efectivo polo gando terán a consideración de **explotación gandeira** para efectos de sanidade animal e identificaranse cun código Rega único, debendo identificarse o gando consonte a súa normativa específica de aplicación.

O **gando sen identificación** nas zonas forestais ou en zonas de influencia forestal segundo o establecido na *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, terá a condición de **mostrego**. A xestión e a administración dos animais mostreiros serán competencia dos concellos onde deambulen, que poderán dispoñer de xeito inmediato dos animais ou, se é o caso, o seu sacrificio, na forma que regulamentariamente se estableza.

O **gando con identificación** en zonas forestais sen autorización acreditada para o pastoreo, o gando con autorización acreditada en zonas con prohibición expresa incluídas no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo ou o gando sen a marcaxe indicada na regulación da zona de pastoreo, será competencia dos concellos por onde deambule, que poderá retiralo. Poderán devolverse ao seu dono, repercutíndolle os custos, nun prazo máximo de 7 días naturais, contados desde a súa retirada do monte, sen prexuízo da incoación dos pertinentes expedientes sancionadores.

Con carácter xeral, prohibese o pastoreo en todos os terreos forestais que resulten afectados por **incendios forestais**, nun prazo mínimo contado desde a data en que se produza o incendio ata o 31 de decembro posterior á data en que se cumpran 2 anos deste (se a restauración do arborado ademais o permite), precisándose **autorización** administrativa. Poderán preverse excepcións á anterior prohibición baseadas na acreditación de perdas de difícil reparación pola prohibición ao pastoreo ou na inexistencia de alternativas ao pastoreo nas áreas afectadas por incendios forestais dentro da mesma demarcación forestal.

## DOS APROVEITAMENTOS MADEIREIROS

En xeral, os **aproveitamentos de madeira ou leña** requirirán:

a) **Autorización** do distrito forestal correspondente, para aproveitamentos comerciais, a presentar cunha antelación mínima de 15 días ao comezo do aproveitamento:

- a.1) Transcorrido o prazo sen contestación, entenderase concedida a autorización solicitada
- a.2) Se a contestación for negativa, deberá xustificarse.

No suposto de que os montes a aproveitar sexan de especies do anexo 1, ou formen parte de espazos suxeitos a algún réxime de protección, a resolución de autorización de corta deberá ditalse no prazo de 45 días, contados desde a entrada da solicitude no rexistro.

b) **Comunicación** á Consellería do Medio Rural e do Mar, para aproveitamentos domésticos

c) As cortas de policía, rareos e demais tratamentos silvícolas, sen aproveitamento comercial, non requirirán comunicación nin autorización da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Nos montes ordenados, os **aproveitamentos de madeira ou leña** requirirán:

a) Para cortas reflectidas no instrumento de ordenación ou de xestión aprobado, non se precisará autorización, abondando a **notificación** á Consellería do Medio Rural e do Mar cunha semana de antelación ao inicio dos traballos.

b) Para aproveitamentos non previstos no instrumento de ordenación ou de xestión, precisarase solicitar xustificadamente **autorización** á Consellería do Medio Rural e do Mar, podendo esta última esixir a modificación do instrumento de ordenación ou de xestión con posterioridade ao aproveitamento. Transcorrido un prazo de 15 días sen contestación, entenderase concedida a autorización.

O prazo máximo para a realización dun aproveitamento será de 12 meses, contados desde a data de notificación da autorización ou desde a data en que se considere outorgada por silencio administrativo.

### COTAS DE REINVESTIMENTO EN MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Os montes veciñais en man común deberán reinvestir en mellora do monte as seguintes **cotas mínimas**:

- a) O 40 % de todos os ingresos xerados (poderá ser superior se os estatutos da comunidade así o reflicten, pero nunca menor)
- b) O 100 % dos ingresos xerados de produtos resultantes de incendios forestais, pragas ou temporais, agás xustificación documental de non precisarse dito nivel de reinvestimento nun prazo mínimo de 10 anos ante Consellería do Medio Rural e do Mar.

Entenderanse por ingresos, aqueles procedentes de aproveitamentos e servizos forestais, os derivados de actos de disposición voluntaria, os procedentes de expropiacións forzosas e calquera outro ingreso de natureza extraordinaria.

Estes reinvestimentos poderán realizarse ao longo do ano natural en que se obtivo o ingreso en cuestión ou dentro dun período máximo de 4 anos contados a partir da finalización do dito ano.

Unha vez aplicada a cota de reinvestimento, e sempre consonte aos estatutos ou a asemblea xeral da comunidade, os **ingresos sobrantes** poderanse investir, total ou parcialmente en:

- a) Adquirir montes a anexar (clasificar) posteriormente ao monte veciñal
- b) Poñer en valor o monte veciñal desde o punto de vista social, patrimonial, cultural e ambiental
- c) Realizar obras ou servizos comunitarios con criterios de repartición proporcional entre os diversos lugares da comunidade
- d) Repartir, total ou parcial, en partes iguais entre todos os comuneiros. No suposto de ingresos sobrantes procedentes de expropiación forzosa, a repartición do prezo xusto requirirá **autorización** da Consellería do Medio Rural e do Mar.

### ORDENANZAS E DISPOSICIÓNS MUNICIPAIS

Desde a entrada en vigor desta lei, as **ordenanzas e disposicións municipais** que non se axusten ao disposto nela quedarán sen efecto, e dispoñerase dun prazo dun ano para a súa adaptación.

### MONTES CON CONSORCIOS/ CONVENIOS COA ADMINISTRACIÓN

Os **consorcios/ convenios** coa Consellería do Medio Rural e do Mar existentes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

- a) **Cancelación de oficio** nun prazo máximo de 3 anos, contados a partir da entrada en vigor desta lei, en:
  - a.1.) Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado
  - a.2.) Montes que non consigan os fins para os cales se subscribiu o convenio/ consorcio (causas relacionadas co estado legal, administrativo ou económico do monte).

Previamente á cancelación, a Consellería do Medio Rural e do Mar elaborará e aprobará un instrumento de ordenación ou de xestión forestal.

- b) **Finalización** nun prazo máximo de 4 anos, contados a partir da entrada en vigor desta lei, prazo en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública.

No caso de non se formalizar o dito contrato no prazo establecido, o titular do monte deberá aboar o saldo debedor do convenio/ consorcio finalizado á Xunta de Galicia (único pagamento ou mediante un plan de devolución plurianual).

### ANEXO 1

– Coníferas: piñeiro silvestre e teixo.

– Frondosas: ameneiro, pradairo, bidueiro, freixos, castiñeiro europeo, castiñeiro híbrido, cerdeira, carballo do país, carballo albar, cerquiño, sobreira, aciñeiras, abeleira, faia, umeiros, loureiro, sorbeira do monte, capudre, nogueira europea a érbodo.

ANEXO 2. Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais

Con parcelas forestais	2 metros para todas as especies
Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros para todas as especies
Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	4 metros para frondosas do anexo 1 10 metros no resto de especies
Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril	4 metros para frondosas do anexo 1 10 metros no resto de especies
Con pistas forestais principais	2 metros para frondosas do anexo 1 4 metros no resto de especies, En xeral, 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco
Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica	5 metros para todas as especies
Con canles fluviais de máis de 2 metros de largo	5 metros para frondosas do anexo 1, contados desde o dominio público 15 metros no resto de especies, contados desde o dominio público
Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado	15 metros para frondosas do anexo 1 30 metros no resto de especies
Con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na <i>Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia</i> , ou na súa normativa de desenvolvemento	25 metros para frondosas do anexo 1 50 metros para o resto de especies